

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de outubro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 02.09.2015 E 22.09.2015.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 28.08.2015 AO 16.10.2015.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE BRIÓN NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO.

11º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2015/2012, OBRIGAS DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN PREVISTAS NA LEI 2/2012. LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO.

12º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGAS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

13º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE REINTEGRO DO SALDO DEBEDOR RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013.

14º) MOCIÓNS.

15º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 02.09.2015 E 22.09.2015.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 2 e do 22 de setembro de 2015, non realizándose ningún.

Sometida a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos once membros presentes, acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

[Logo da votación deste punto, incorpóranse á sesión os concelleiros do GM do PP].

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 28.08.2015 AO 16.10.2015.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

28.08.15.- Pago de nóminas do mes de agosto.

28.08.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de 1º Instancia e Intrución núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

28.08.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de 1º Instancia núm. 6 de Santiago por cumprimento dun embargo a un traballador.

31.08.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Saíme.

31.08.15.- Contratación de persoal laboral dun oficial condutor e dun peón de obras.

01.09.15.- Modificación da cota a unha usuaria da Escola Infantil Municipal para o curso 2015-2016.

01.09.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 € (CP Agro Novo Bloques 1 e 2).

01.09.15.- Aprobación das liquidacións da Xunta de Goberno Local de 25 de agosto de 2015.

01.09.15.- Contratación dunha educadora/técnico especialista de educación infantil, en réxime de persoal laboral temporal.

03.09.15.- Modificación da cota a unha usuaria da Escola Infantil Municipal para o curso 2015-2016.

03.09.15.- Pago de factura por importe de 445 € (pack aula planeta).

03.09.15.- Aprobar a concertación dun investimento financeiro por importe de 400.000 € e por un prazo de 3 meses.

04.09.15.- Adxudicación á empresa Eulen SA o servizo de Escolas Culturais, obradoiros para maiores e escolas musicais do Concello de Brión.

04.09.15.- Comisión de servizos dun traballador para o acompañamento dun grupo de nenos para a actividade de “Liga de fútbol oito” durante a tempada 2015/2016.

04.09.15.- Autorización á Garda Civil de Brión do uso do pavillón polideportivo o día 12 de outubro de 2015.

04.09.15.- Devolución dun recibo á empresa Mapfre Vida SA.

04.09.15.- Aprobación do expediente de modificación de créditos 24/2015.

04.09.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 85.731,20 euros (facturas varias).

04.09.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.616,37 € (facturas varias).

04.09.15.- Contratación dunha educadora/técnico especialista de educación infantil, en réxime de persoal laboral temporal.

04.09.15.- Aprobación do padrón do prezo público da prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de xullo.

04.09.15.- Aprobación do padrón do prezo público da prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de xullo.

07.09.15.- Devolución de fianza constituída por Construcciones Pérez Castiñeira, para responder das obras de vivenda unifamiliar en Babenxo nº 54.

07.09.15.- Aprobación do expediente de modificación de créditos 25/2015.

07.09.15.- Desestimación de solicitude de devolución de ingresos pola actividade de campamento de verán.

08.09.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a unha veciña.

08.09.15.- Aprobar a a conta xustificativa presentada por EEI Os Ánxeles polo importe de 1.100,00 €.

09.09.15.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre o Concello de Teo e o Concello de Brión para o reforzo do servizo da Policía Local de Teo cun efectivo do Corpo da Policía Local de Brión, o día 12/09/2015.

09.09.15.- Requirimento de limpeza de finca en Quintáns.

09.09.15.- Requirimento de limpeza de finca en Transouteiro.

10.09.15.- Adxudicación á empresa Gas Natural Servicios SDG, SA, o contrato de subministración de enerxía eléctrica para o campo de fútbol de Brión.

10.09.15.- Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 11 de setembro.

10.09.15.- Aprobación da certificación de obra de: Instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales.

11.09.15.- Requirimento de limpeza de fincas en Av/ dos Anxeles.

11.09.15.- Devolución de fianza constituída pola empresa Limpiezas Salgado, en concepto de garantía definitiva do contrato de servizos da limpeza do CEIP.

11.09.15.- Ordenar a paralización das obras de elevación de muro e portal de acceso en Vidaloiro, Bastavales.

11.09.15.- Ordenar a paralización das obras de elevación de construción dun galpón no lugar de Souto.

11.09.15.- Ordenar a paralización das obras de ampliación e reforma dunha edificación sita no lugar de Guitiande.

11.09.15.- Ordenar a paralización das obras de construción de silo e modificación de beiravía en A Graña, Cornanda.

11.09.15.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes ao Padrón do Lixo do ano 2014 e 2015 dunha empresa.

11.09.15.- Autorización para a celebración da festa dos Milagros en Bastavales o 13 de setembro.

14.09.15.- Altas no padrón de habitantes do mes agosto.

14.09.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes agosto.

14.09.15.- Aprobación expediente MC 26/2015.

15.09.15.- Contratación do servizo de "Fogos de artificio festas de Santa Minia 2015", mediante contrato menor, á empresa PIROTECNIA LÓPEZ, S.L.

15.09.15.- Aprobación das liquidacións da Xunta de Goberno Local de 11 de setembro de 2015.

15.09.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2015.

15.09.15.- Reintegro da cantidade de 60,04 € a un traballador por pagamento anticipado.

15.09.15.- Proceder á execución subsidiaria da obriga de xestión da biomasa forestal nunha parcela sita no Rial.

15.09.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno a celebrar o 16 de setembro.

15.09.15.- Aprobación da certificación da obra Mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión.

15.09.15.- Aprobación da lista de beneficiarios para distribución do estoc de leite.

15.09.15.- Baixa no servizo de axuda no forgar dun veciño.

16.09.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de agosto.

16.09.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de agosto.

16.09.15.- Aprobación de liquidacións da Xunta de Goberno Local celebrado o 16 de setembro.

16.09.15.- Incoación de expediente de reposición da legalidade pola realización de obras consistentes na reforma dunha cuberta en Chave de Ponte.

17.09.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Vodafone ONO SAU).

17.09.15.- Convocatoria extraordinaria do Pleno a celebrar o 22 de setembro.

18.09.15.- Substitución da secretaria da mesa de contratación do servizo: "Escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol do concello de Brión".

18.09.15.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

18.09.15.- Anulación da modificación de crédito nº 22/2015.

18.09.15.- Nomeamento dun funcionario como secretario accidental no período comprendido entre o 23 ao 25 de setembro de 2015.

22.09.15.- Aprobación das solicitudes para participar nas actividades destinadas a persoas maiores durante o curso 2015-16.

22.09.15.- Requirimento á empresa Move Servicios de Ocio y Deporte SL da documentación para a adxudicación do contrato Escolas Deportivas e supervisión do campo de fútbol municipal 2015/2016".

22.09.15.- Liquidación da taxa poro servizo de comedor da escola infantil municipal do mes de xullo.

24.09.15.- Baixas de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

25.09.15.- Proceder á baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre os anos 2007 e 2015.

25.09.15.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.

25.09.15.- Adxudicación á empresa BARBATANA, S.L. do contrato menor para a prestación dos servizos "Escolas Deportivas e supervisión do campo de fútbol municipal" ata a adxudicación definitiva do procedemento aberto.

25.09.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 103.873,09 euros (facturas varias).

25.09.15.- Pago de nóminas.

25.09.15.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar dependentes.

25.09.15.- Pago de produtividade.

25.09.15.- Ingreso de 25,96 € a favor da Seguridade Social por cumprimento dun embargo a unha traballadora.

25.09.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de 1º Instancia e Instrucción núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

25.09.15.- Recoñecemento de trienios a dúas traballadoras.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Outeiro, Bastavales.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Estrar.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Sabaxáns.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Chave de Ponte.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Babenzo.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Gundín.

29.09.15.- Inadmisión a tramite de solicitude de limpeza na Graña.

29.09.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Gontade.

29.09.15.- Baixas no Padrón Municipal de Habitantes do mes de setembro.

29.09.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno a celebrar o 30 de setembro.

29.09.15.- Expediente sancionador de tráfico.

30.09.15.- Aprobación dunha segunda prórroga do Convenio de colaboración co Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre.

30.09.15.- Altas no Padrón Municipal de Habitantes do mes de setembro.

01.10.15.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2015 dun veciño.

02.10.15.- Incoación de expediente para a recuperación da posesión do camiño público na aldea de Vilar, indebidamente ocupada por un amoroamento de terra.

02.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

05.10.15.- Contratación das actuacións do programación da Rede Cultural da Deputación do ano 2015.

05.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos premios dos gañadores da carreira popular da Amaia importe de 1.040 euros.

05.10.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno a celebrar o 6 de outubro.

05.10.15.- Aprobación da liquidación das taxas da XGL celebrado o 30 de setembro.

06.10.15.- Adjudicación do servizo de "Mantemento de conservación da caldeira de gasóleo do Centro Social Polivalente" á empresa Calema Santiago SL.

06.10.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de O Tremo-Os Anxeles, os días 11 e 12 de outubro.

06.10.15.- Aprobar a conta xustificativa da subvención "Socorrismo anualidade 2015".

06.10.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Santa Minia.

06.10.15.- Desestimento do recurso de reposición interposto contra o decreto da Alcaldía do 23.04.2015 polo que se declaran ilegalizables as obras de construción de anexo a edificación executadas nunha vivenda sita en Lamiño.

06.10.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro de 2015.

07.10.15.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2015 dun veciño.

07.10.15.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2015 dunha veciña.

08.10.15.- Aprobación das taxas da XGL celebrado o 6 de outubro.

09.10.15.- Delegación das funcións da Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde, Dª Yolanda Bouzas Alfonsín, entre os días 14 e 16 de outubro.

09.10.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de setembro

09.10.15.- Aprobar o padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de setembro.

09.10.15.- Presentación dos modelos 111 e 303 na Axencia Tributaria correspondentes ao 3º trimestre.

09.10.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

13.10.15.- Concesión dunha ampliación de prazo para legalizar as obras de construción dun galpón.

13.10.15.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2015.

13.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 69.062,92 euros (CP Agro Novo).

13.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 19.330,14 euros (CP Agro Novo).

13.10.15.- Delegación nun funcionario a sinatura de certificados referidos ao Padrón de Habitantes.

14.10.15.- Requirimento á empresa Sportmadness Eventos SL para a presentación de documentación para a adxudicación do contrato de escolas deportivas e supervisión de campo de fútbol.

14.10.15.- Devolución dos avais constituídos na Tesourería por Gas Galicia.

14.10.15.- Aprobación do gasto por asistencias a sesións do Pleno da Corporación, Xuntas de Goberno e Comisións dos concelleiros.

14.10.15.- Aprobación da facturación correspondente ao mes de setembro polo aluguer de local a Electricidade Cruceiro.

14.10.15.- Autorización da utilización das instalacións municipais e concesión de bonificación polo importe do 100% da taxa pola utilización das instalacións deportivas ao IES, CEIP e ANPA Andaravía-CEIP.

16.10.15.- Convocatoria de Comisións e sesión ordinaria do Pleno a celebrar o 21 de outubro de 2015.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE BRIÓN NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de outubro de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión para o mandato 2015- 2019 e que resulta preciso designar aos representantes municipais no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade posto que o nomeado no anterior mandato xa non forma parte da Corporación Municipal.

Considerando que o art. 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais lle atribúe ao Pleno da Corporación

a competencia para o nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos Colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Designar aos representantes do Concello de Brión no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade:

- Representante político:
- Yolanda Bouzas Alfonsín

- Representante técnico:
- Yolanda Bouzas Alfonsín

Segundo.- Notificar persoalmente este acordo aos designados para os efectos da aceptación dos nomeamentos conferidos que, en todo caso, se entenderán aceptados tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao de notificación non realizan manifestación expresa en contrario.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento remata a súa vixencia neste exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Este concello neste últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as medidas recollidas nas últimas reformas lexislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) non se están a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Así mesmo a presión fiscal deste concello é inferior a media da provincia, segundo datos do, situándose no ano 2013 en 346,77€ por habitante, sendo inferior tamén á dos municipios limítrofes.

Por todo o exposto, e tendo en conta que a última actualización catastral deste concello data do ano 2006, consideramos necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles, modificación que consistirá no incremento do tipo impositivo xeral do 0,46% ao 0,47%.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal nº 1-I, reguladora do imposto sobre bens inmobles, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013 e 05.12.2014, nos seguintes termos:

- Modifícase o art. 13, apartado a) 1, que pasa a ter a seguinte redacción:
 - a) Bens inmobles de natureza urbana:
 - 1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmobles de natureza urbana queda fixado no 0,47%.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento remata a súa vixencia neste exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Este concello neste últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as medidas recollidas nas últimas reformas lexislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) non se están a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Así mesmo a presión fiscal deste concello é inferior a media da provincia, segundo datos do ano 2013, situándose en 346,77€ por habitante, sendo inferior tamén a dos municipios limítrofes.

Visto o expediente tramitado e o informe de intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm.3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012,09.12.2013 e 05.12.2014, nos seguintes termos:

-. Modificar o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,17 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

TARIFAS

a) Turismos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	14,77 €

a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	39,87 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	84,17 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	104,84 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en adiante	131,04 €

b) Autobuses

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	76,46 €
b.2	De 21 a 50 prazas	138,81 €
b.3	De máis de 50 prazas	173,51 €

c) Camións

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	49,47 €
c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	97,46 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	138,81 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	173,51 €

d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	20,67 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	32,49 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	97,46 €

e) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
--	------------------------------	------

e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	20,67 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	32,49 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	97,46 €

f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,17 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,17 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,86 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,73 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	35,44 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	70,88 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,17 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento remata a súa vixencia neste exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

O concello neste últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as últimas reformas legislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) non se está a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Así mesmo a presión fiscal deste concello é inferior a media da provincia, segundo datos do ano 2013, situándose en 346,77€ por habitante, sendo inferior tamén á dos municipios limítrofes.

En base ao exposto considerase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, modificación que consistirá no incremento da porcentaxe anual nun 2%.

Visto o expediente tramitado e o informe de intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 274, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, e 05.12.2014.

-. Modificar o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,64 por cento.

b) Períodos de ata dez anos: 2,53 por cento.

c) Períodos de ata quince anos: 2,41 por cento.

d) Períodos de ata vinte anos: 2,28 por cento

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento remata a súa vixencia neste exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes, o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Así mesmo no que se refire ao servizo de recollida de lixo os ingresos derivados da taxa polo prestación do servizo resultan insuficientes para cubrir os custes do servizo, polo que aos efectos de que resulte sustentable, considerase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento do coeficiente sobre as cotas nun 2%.

Visto o expediente tramitado, os informes de intervención así como o informe económico financeiro sobre o custe do servizo, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013 e 05.12.2014

- Modifícase o Anexo:Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
	Euros
Epígrafe 10.-Vivendas:	86,33
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	23,03
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	21,93
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	18,17
Concepto 1103: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 201,67 euros)	16,65
Concepto 1104: hoteis, moteis, hostais e hoteis-apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 183,16 euros)	15,13
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	4,99
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 183,16 euros)	15,13
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 107,06 euros)	9,20
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 102,20 euros)	7,38
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 512,17 euros anuais)	43,44
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 440,63 euros).	15,13
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudiantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	369,40
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	184,72
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	812,74
120001 De Categoría 1ª	738,84

120002 De Categoría 2ª	600,30
120003 De Categoría 3ª	480,19
120004 De Categoría 4ª	360,20
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	646,51
120101 De Categoría 1ª	507,96
120102 De Categoría 2ª	415,62
120103 De Categoría 3ª	203,18
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	738,84
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	166,17
120201 Otros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	138,55
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	
738,83	
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	461,78
120401 Os demais	230,89
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	314,03
120501 Teatros e Cines con local aberto	92,35
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	146,35
120700.01 De 2 a 4 empregados	219,52
120700.02 De 5 a 7 empregados	292,71
120700.03 De 8 a 10 empregados	365,86
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	585,39
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1.170,84
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2.138,67
120704 Máis de 100 empregados	4.263,19
Concepto 1208: MERCADOS, SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	2.195,30
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	439,06
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	292,71
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	146,35
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	146,35
120802.01 Os demais establecementos	110,82
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	3.009,18
120803.01 Por cada posto modular	434,34
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	877,39
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servicio, por surtidor (ata un máximo de 569,30 euros)	184,71
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m ² de superficie	389,56
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	780,23
121002 Máis de 1000 m ² de superficie	1.169,81
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	

121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	230,89
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	110,82
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	34,89
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPIGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	110,82
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
	Euros
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,17 euros.	0,03
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,02 euros.	0,05
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 45,07 euros).	0,14
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
	Euro s
Epígrafe 30.-Limpeza	
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 56,49 euros):	0,03
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertederos:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 45,07 euros):	0,14
Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 45,07 euros):	14,47
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
	Euros
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	32,70
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	67,54
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	167,45
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,64
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,16
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	8,85
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado éste debido á presenza do interesado, satisfarase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	
TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
	Euros
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	114,63
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,72
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
	Euros
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	25,54
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	25,54
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	14,62
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	22,59
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	72,34
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	64,06
Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	29,34
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	18,05
NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	29,34
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	18,06
Epígrafe 82.-Desprazamentos	
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,21
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,40
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de réxime

local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, incóese polos servizos técnicos o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2014 a agosto de 2015, que é do -0,4%, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de intervención propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos do Pleno do 20.10.2010 publicado no BOP do 13.12.2010, por acordo do Pleno do 03.11.2011 publicado no BOP do 22.12.2011, por acordo do Pleno do 17.10.2012 publicado no BOP do 10.12.2012, por acordo do Pleno do 16.10.2013 publicado no BOP do 09.12.2013 e por acordo do Pleno do 15.10.2015 publicada no BOP do 05.12.2014.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,577 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,753€/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,126 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,424 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,466€/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,562 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	197,65	254,53	304,88
1"	213,03	268,83	316,34
1 ¼ "-1 ½"	256,27	312,65	360,19
2 "	304,96	360,17	408,28

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	3/4"	1"	1 1/4 "-1 1/2"	2 "
(A) incremento € por m	9,17	10,75	15,36	25,79
(B) incremento € por m	20,24	21,85	26,41	36,84
(C) incremento € por m	24,36	25,28	30,47	40,85

Epígrafe 4. Contadores**Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar**

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	80,99 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	102,63 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	180,43 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	55,59 € /ud.
Ø 15 mm	55,59€ /ud.
Ø 20 mm	77,22 € /ud.

Ø 25 mm	125,80 € /ud.
Ø 30 mm	175,84 € /ud.
Ø 40 mm	272,62 € /ud.
Ø50 mm	595,65 € /ud.
Ø 65 mm	738,40€ /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,18 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	28,19 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO Nº 21 REGULADORA DA UTILIZACION DE PISCINA E DEMAIS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

No procedemento de revisión anual das ordenanzas fiscais e concretamente da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais, dende os servizos técnicos considerouse mais axeitado establecer unha ordenanza fiscal que regulase as tarifas pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais calificando as tarifas recollidas na mesma coma prezos públicos ao entender que o concello esta a desenvolver unha prestación patrimonial de carácter público cuxa satisfacción polos usuarios ten carácter voluntario.

No texto proposto modifícase o réxime de tarifas, establecece unha única tarifa sen diferenciar entre veciños do concello e de fora do mesmo, e inclúense aclaración sobre o réxime de rateo das tarifas. Así mesmo e tendo en conta a demanda existente, defínense con maior claridade o réxime de bonificacións co obxecto de delimitalas para o usos estritamente deportivos, culturais e sociais.

Finalmente inclúense unha serie de artigos cuxa finalidade e establecer as normas de xestión e vixencia da norma, establecendo que quedará derrogada a ordenanza fiscal nº T-10 reguladora da taxa pola utilización de piscina e demais instalacións deportivas municipais.

Neste caso e atendendo ao estudio económico xustifícase o establecemento do prezo público por debaixo do custe do servizo, por razóns sociais de fomento do deporte e do uso dos servizos das instalacións deportivas municipais, entre a poboación do concello, promovendo actividades de ocio, culturais e educativas. Nos orzamentos municipais recolléranse dotacións suficientes para a cobertura da diferenza.

Visto o expediente tramitado, e o informes de intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal núm. 21-PP reguladora de prezos públicos pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA N.º21-PP, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE PISCINAS E DEMAIS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1.º. Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, que se rexerán pola presente Ordenanza.

Artigo 2.º. Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará por polos usuarios que voluntariamente soliciten a utilización das piscinas e demais instalacións deportivas municipais.

Artigo 3.º. Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público que se recolle nesta ordenanza os que soliciten a utilización das piscinas e demais instalacións deportivas municipais especificadas nas tarifas contidas no artigo 4.º da presente ordenanza.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que se beneficien da utilización ou dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

Artigo 4.º. Tarifas

1.-O prezo público que se debe pagar ao Concello pola utilización das instalacións deportivas e piscina municipal, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. PAVILIÓN S POLIDEPORTIVOS MUNICIPAIS. TARIFAS

a) Utilización por grupos para fins deportivos:

Concepto	Tarifa
Sen cobro de entrada a terceiros	12,00 €/h
Con cobro de entrada a terceiros	12,00 €/h+15% recadación
Por cada fracción	6€

c) Utilización por grupos para fins non deportivos sen cobro de entrada

Concepto	Tarifa
Sen cobro de entrada a terceiros	120,00 €/día
Con cobro de entrada a terceiros	120,00 €/día+15% recadación

4.2 PISCINAS MUNICIPAIS. TARIFAS

Concepto	Tarifa (€)
Entrada persoal á piscina, maiores de 14 anos	1,20
Entrada persoal á piscina, nenos ata 14 anos	0,60

Abono por temporada (3 meses) maiores de 14 anos	12,00
Abono por temporada (3 meses) nenos ata 14 anos	6,00

4.3 CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE HERBA ARTIFICIAL. TARIFAS

Concepto: aluguer por horas	Tarifa (€)
Campo completo. 1ª hora ou fracción	40,00
Campo completo. 2ª hora ou fracción e seguintes	20,00
Medio campo. 1ª hora ou fracción	30,00
Medio campo. 2ª hora ou fracción e seguintes	20,00
Pola utilización de luz artificial, por cada hora	20,00
Campo completo clube deportivo por temporada	1.500,00
Medio campo clube deportivo por temporada	750,00

A tempada completa será o período comprendido entre os meses de agosto e xuño, e a súa solicitude estará vinculada os criterios de preferencia para o acceso a instalación definido no regulamento de utilización de instalacións deportivas do Concello de Brión. No caso de que se solicite a utilización polos clubs deportivos por un período inferior o da temporada , aos efectos de pagamento as tarifas ratearanse por meses completos . No aluguer por tempada ira incluída a utilización da luz artificial.

Artigo 5.º. Beneficios fiscais.

1. De acordo co establecido no artigo 44 do TRLRFL Establécense as seguintes bonificacións para os obrigados ao pagamento do prezo público pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais:

a) Concederase unha bonificación do 100% da tarifa, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, e estean debidamente acreditadas mediante informe técnico do Servizos correspondentes, o acordo de concesión da bonificación será acordada polo órgano competente.

b) As persoas que acrediten formar familia numerosa, terán unha bonificación do 50% do importe da tarifa no segundo fillo e do 100% no terceiro e subseguinte. A os efectos de aplica-la bonificación prevista para as familias numerosas, terá a consideración de primeiro fillo o de maior idade, e así sucesivamente.

c) O Concello de Brión, na súa labor de fomento do deporte e do asociacionismo deportivo e cultural, poderá concederá unha bonificación de ata o 100% do importe da tarifa, nos seguintes supostos:

1. Clubs deportivos do Concello inscritos no rexistro de entidades do concello, federados e que participen en competicións oficiais federadas, para a utilización de calquera instalación deportiva municipal, para actividades vinculadas ca súa disciplina deportiva.

2. Colexios públicos, concertados, institutos públicos e ANPAS, para a utilización de calquera instalación deportiva municipal, para actividades deportivas culturais relacionadas coa súa actividade, sempre e cando se trate de actividades que non se estean a desenvolver nas instalacións municipais polo concello, clubs deportivos, entidades colaboradoras do concello autorizadas polo concello.

2. O acordo de concesión das bonificacións anteriores será acordada pola alcaldía previo informe técnico do Servizos correspondentes.

Artigo 6.º. Normas de xestión.

1. As solicitudes para a utilización das instalacións deportivas recollidas nesta ordenanza serán realizadas nun escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Brión polos interesados, cunha antelación mínima de 3 días hábiles en relación ó momento no que se pretenda a súa utilización, concretando a data, hora, actividade a desenvolver e demais circunstancias de interese.
2. O Concello de Brión, en casos debidamente xustificadas, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos danos que poidan producirse nas instalacións deportivas municipais. Este depósito poderá constituírse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, previo informe do responsable do servizo no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.
3. A obriga do pagamento do prezo público orixinarase no momento no que se presente a solicitude de utilización das instalacións deportivas enumeradas no artigo 4.º . No caso da piscina municipal o pagamento farase no momento de entrada no recinto.
4. O solicitante do servizo practicará a autoliquidación consonte ás tarifas establecidas no artigo 4, e o ingreso farase nas entidades bancarias designadas polo Concello ou na caixa do Concello, unha vez solicitada a utilización das correspondentes instalacións.
5. Procederase a devolución dos importes satisfeitos no caso de que non se autorice a utilización, non se poidan utilizar as instalacións por causas imputables ao concello ou se comunique o concello por escrito o desistimento na solicitude cando menos con tres días de antelación.
6. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia, no caso dos particulares, ós empadroados no Concello de Brión e, no caso de entidades, ás que teñan a súa sede social no Concello.
7. Para os supostos non previstos na presente Ordenanza fiscal, será de aplicación o que se establece nas disposicións xerais e nas normas específicas de uso recollidos no Regulamento de utilización das instalacións deportivas do Concello de Brión.

Disposición derogatoria única.

A partir da data da entrada en vigor da presente ordenanza reguladora quedará derogada a ordenanza n.º 10-T, reguladora do prezo público pola utilización de piscinas e demais instalacións deportivas municipais.

Disposición derradeira

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2016, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa. No caso de modificacións parciais, os artigos non modificados continuarán vixentes.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 49 da LRBRL.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DOS PREZO PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS, CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO

No procedemento de revisión das ordenanzas fiscais que se realiza anualmente polos servizos económicos informouse sobre a conveniencia de modificar a ordenanza fiscal nº 20-PP reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio no que se refire as normas de xestión e pagamento.

A modificación proposta suporía establecer en xeral pagamento periódicos, mediante a emisión de recibos xa que resulta mais eficiente e eficaz aos efectos de controlar e aplicar os pagamento, nas actividades que teñen unha duración superior ao mes.

Polo exposto considerase necesario modificar a ordenanza fiscal nº 20-PP reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a modificación que afectaría o artigo 5º referido as normas de xestión e pagamento.

Visto o expediente tramitado, e o informe de intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 20-PP reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio publicada no BOP de data de 16.09.2011.

-. Modifícase o artigo 5 normas de xestión, que pasa a ter a seguinte redacción:

A obriga ao pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio enumerados no artigo anterior, entendendo nos casos nos que sexa necesario a formalización de matrícula que se inicia a prestación nese momento. Para as seguintes tarifas aprobaranse os correspondentes padróns cos seguintes períodos específicos de pagamento:

a) Tarifas 1, 2, 5 e 6.

1.º prazo: de outubro a decembro.

2.º prazo: de febreiro a abril.

b) Tarifa 4. Establécense 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1.º prazo: de outubro do ao decembro.

2.º prazo: xaneiro a marzo.

3.º prazo: do de abril ao de xuño.

Aos alumnos que estean en lista de espera e obteñan praza na especialidade instrumental solicitada, permitiráselles ratear a tarifa trimestral en tres períodos mensuais iguais. A estes efectos, a data que se terá en conta para calcular o importe a pagar será a data de alta por parte do Concello, así temos que:

Si a data de alta esta dentro do primeiro mes do período trimestral, aboarase a tarifa trimestral completa

Si a data de alta esta dentro do segundo mes do período trimestral, aboaranse 2/3 da tarifa trimestral.

Si a data de alta esta dentro do terceiro mes do período trimestral, aboarase 1/3 da tarifa trimestral.

c) Tarifa 7 e 8. Se establecen 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1.º prazo: de outubro a decembro.

2.º prazo: de xaneiro a marzo.

3.º prazo: de abril a xuño.

2. Os días concretos de inicio dos e fin dos períodos fixados serán publicados no correspondente anuncio de exposición pública do padrón.

3. No caso de actividades, obradoiros cuxa duración no sexa superior ao mes o réxime de pagamento será o de autoliquidación.

4. Só se procederá a devolución do importe do prezo público correspondente, cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

Que por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, non se preste o servizo por parte do Concello.

Que se comunique por escrito a baixa na actividade cunha antelación mínima de cinco días ao departamento xestor e con carácter previo o seu inicio, e esta non supoña un prexuízo a outros interesados.

Para proceder a devolución do prezo público a Intervención municipal solicitará informe ao xefe do departamento correspondente a acreditación dos anteriores circunstancias.

5. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia no caso dos particulares aos empadroados no Concello de Brión e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no Concello.

6. A proposta do Departamento de Servizos Sociais, para aqueles casos valorados técnicamente como persoas en situación de “difícil integración” e con informe favorable emitido por un Traballador Social Municipal, a Xunta de Goberno Local, poderá acordar unha bonificación de ata o 100% das tarifas reguladas na presente ordenanza.

7. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de prema.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións

entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 49 da LRBRL.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

11º) DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DA ORDE HAP/2015/2012, OBRIGAS DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN PREVISTAS NA LEI 2/2012. LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO.

Dáse conta da rendición ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas relativa ás liñas fundamentais do Orzamento do concello, en cumprimento do previsto na Orde HAP/2015/2012, obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

12º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGAS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

Pola Alcaldía dáse conta do cumprimento da obriga de comunicación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da información sobre a execución dos Orzamentos Xerais do concello no segundo trimestre de 2015, de conformidade co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

13º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE REINTEGRO DO SALDO DEBEDOR RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013.

Pola Alcaldía dáse conta da posibilidade de solicitar, antes do 1 de novembro de 2015, a ampliación a dez anos do prazo de reintegro do saldo debedor resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013.

Sométese ao Pleno da Corporación a inclusión na orde do día da sesión da proposición da Alcaldía sobre a solicitude de ampliación dos prazos de reintegro do saldo debedor resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013.

Votación e resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Acórdase a inclusión na orde do día da proposición da Alcaldía do 15 de outubro de 2015, que transcrita di:

“Vista a liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, exercicio 2013, que resultou negativa por importe de 47.168,46 euros, que deberán reintegrarse ao Estado nos termos do artigo 72 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015.

Visto que a disposición adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, establece modificacións no procedemento de reintegro dos saldos debedores a favor da Facenda do Estado derivados da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do exercicio 2013 que foi regulado no artigo 72 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, o cal prevé a devolución mediante compensación con cargo ás entregas a conta que se perciban con posterioridade á mencionada liquidación (xullo de 2015), nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 % dunha entrega mensual (unha entrega mensual actualmente ascende en termos brutos a 147.685,69 euros), agás que, aplicando este criterio, excédase do prazo sinalado, en cuxo caso axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes ao obxecto de que non se produza esta situación.

Este réxime especial de reintegros permite ampliar o prazo de devolución do saldo debedor derivado da liquidación definitiva negativa do exercicio 2013 a 120 mensualidades (10 anos), sempre e cando as entidades locais cumplan os seguintes requisitos:

1. **Presentación da solicitude por parte da entidade local**, aprobada polo Pleno da Corporación.
2. A dita solicitude deberá presentarse a través de medios telemáticos e con sinatura electrónica da interventora municipal **antes do 1 de novembro**. No caso de non presentarse a solicitude no prazo sinalado, aplicaranse os reintegros consonte ao réxime xeral establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, regularizando con cargo á entrega a conta do mes de novembro os reintegros que se deberían ter aplicado na entrega correspondente ao mes de outubro.
3. A aplicación efectiva da excepción do prazo de reintegro iniciarase na entrega a conta do mes de xaneiro de 2016.
4. A ampliación solicitada concederase ás entidades que cumplan os seguintes requisitos (Apartado 3 da disposición adicional décima):
 - i. Ter presentado a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio inmediato anterior a aquel no que se calcule a liquidación definitiva de 2013, é dicir, a liquidación do exercicio 2014.
 - ii. Prevexan cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (110 %). En canto á dita previsión, terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015.

- iii. Período medio de pago non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade (publicación no mes de outubro de 2015).

Tendo en conta que a remisión do período medio de pago a provedores correspondente ao terceiro trimestre de 2015, e a execución trimestral do orzamento correspondente ao terceiro trimestre, aínda non se realizaron, non é posible saber a data de hoxe o cumprimento dos requisitos impostos pola Disposición Adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014 para a adopción deste acordo.

Tendo en conta o anterior e que o vindeiro pleno ordinario é o correspondente ao mes de decembro de 2015, en data posterior ao remate do prazo de remisión do acordo de solicitude de excepción do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 (1 de novembro), e vistos os artigos 56 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e tendo en conta criterios de eficacia administrativa e economía procedimental.

En virtude do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aplicación da excepción do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2014 do Concello de Brión, de acordo co establecido na disposición adicional décima do Real Decreto- Lei 17/2014, de 26 de decembro. Este acordo queda condicionado a que da información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015 que debe ser remitida antes do 30 de outubro deste mes, estableza a previsión de que a 31 de decembro de 2015 este concello cumpra co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e que o período medio de pago correspondente ao terceiro trimestre de 2015 non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade.

Segundo.- Que de cumprirse a condición establecida no punto anterior, pola intervención municipal, previo informe presente a dita solicitude coa súa sinatura electrónica antes do 1 de novembro a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

14º) MOCIÓNS.

Preséntanse as seguintes mocións urxentes.

14.1) MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, que transcrita di:

“Estamos a vivir, xusto as portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe obrigar a unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar os novos muros que queren deixar do lado de fóra a miseria e a dor provocada polas guerras e os conflitos en moitos casos provocados e incentivados polos gobernantes europeos.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia e Exipto. Agora é a Siria. Antes xa o fora Israel e sigue sendo coa súa permanente agresión ao pobo Palestino, tamén Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán, como a se acaba de ver fai poucos días no tremendo atentado de Ankara contra as forzas progresistas e de apoio ao pobo kurdo.

O certo e as chamadas potencias occidentais levan moitos anos azuzando o avespairo no Oriente medio e todos sabemos que as causas non son fortalecer a democracia e os dereitos humanos nesa área do mundo senón facerse cos inmensos recursos enerxéticos da zona. As vítimas, como sempre, desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. Non pode sorprender, por tanto, a vaga inmensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapiña neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación da Unión Europea non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, dos millares de persoas mortas que cada ano intentan cruzar o Mediterráneo e o territorio do Sur europeo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. Mesmo sectores da propia Igrexa Católica falan de invasores, ou de que non son "trigo limpo"

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. As xentes e institucións de todo tipo, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos.

Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal de Brión a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos
- 3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.
- 4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.
- 5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

6.- Promover dende o Concello iniciativas de axuda, coordinar a recollida de fondos e mesmo xestionar a posibilidade de acollida de refuxiado/as con familias do Concello.

7.- O Concello de Brión ofrécelle ao Goberno do Estado a súa colaboración e comprométese a crear un rexistro de familias de acollida, que publicitará mediante bandos.”

D. Xosé Luis Pena Espiña explica que sobre este asunto hai unha moción- modelo elaborada por Amnistía Internacional, que cre que lle foi remitida aos outros grupos municipais, e coa que coincide na esencia a que presenta o seu grupo.

O Sr. Alcalde- Presidente propón aprobar unha moción conxunta, se os restantes grupos están de acordo, tomando a proposta por Amnistía Internacional.

Co fin de estudar a moción, o Sr. Alcalde dispón un receso de 5 minutos na sesión.

Reiníciase a sesión coa lectura polo Sr. García García da lectura da moción elaborada por Amnistía Internacional.

D. Xosé Luis Pena Espiña indica que a moción de Amnistía Internacional lle parece interesante e completa, pero engadiríalle o punto sexto da moción do BNG, relativa á actuación do concello.

O Sr. Alcalde- Presidente di que mudaría o punto último da moción de Amnistía Internacional substituíndoo por outro no que se indique que o Concello de Brión se pon a disposición do Goberno de España para colaborar no preciso. Engade que o concello non ten capacidade para aloxar a refuxiados, pero si poderían crear un rexistro de familias de acollida; para iso ditaríase un bando de xeito inmediato.

D. Xosé Luis Pena Espiña propón engadir a posibilidade de achegar fondos para a acollida de refuxiados.

O Sr. Alcalde- Presidente sinala que a Deputación da Coruña puxo a disposición axudas para a acollida de refuxiados.

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade substituír a moción presentada pola promovida pola organización Amnistía Internacional, e que é do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea está a enfrontar o seu maior exame de humanidade en décadas e até o momento a resposta suspende claramente en dereitos humanos. Abusos nas fronteiras, descoordinación ante a crise e falta dun liderado claro están a ser a tónica.

É unha crise de refuxiados, pero tamén é a crise de Europa e a súa deplorable resposta. Os líderes europeos deben estar á altura, cumprir o dereito internacional e protexer a aqueles que o necesitan,

Tendo en conta que desde marzo de 2011, centenaes de miles de persoas perderon a vida como consecuencia do conflito armado de Siria, moitas delas civís, e outros miles permanecen detidas ou secuestradas sendo obxecto de tortura e outros malos tratos, ou malviven en cidades baixo asedio. Ao redor de 85.000 persoas desapareceron. Tanto o goberno sirio como os grupos armados de oposición son responsables de abusos contra os dereitos humanos e crimes de guerra: asasinaron, torturado e maltratado prisioneiros.

Considerando que como consecuencia deste grave conflito armado, actualmente o número de persoas refuxiadas supera os 4 millóns, a gran maioría dos cales buscaron seguridade en países veciños como Xordania, Líbano, Iraq ou Exipto, e outros 7,6 millóns de persoas atópanse desprazadas dentro das fronteiras de Siria. É dicir, máis de 11 millóns de persoas, aproximadamente a metade da poboación de Siria, tiveron que abandonar os seus fogares.

Ante esta situación, a resposta da comunidade internacional deixa moito que desexar. É urxente que se emprendan accións para protexer á poboación civil e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional. A inacción internacional incrementa a impiedade dos responsables de violar os dereitos humanos. España, como parte da comunidade internacional, tamén ten responsabilidades respecto desta crise humanitaria, polo que consideramos que o Goberno español debe dar unha resposta centrada nos dereitos humanos das persoas que foxen do conflito de Siria.

Por todo o cal os voceiros da Corporación Municipal de Brión, formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopte os seguintes,

ACORDOS:

O Concello de Brión insta o Goberno Español a:

PRIMEIRO.- Ofrecer unha resposta acorde aos máis de catro millóns de refuxiados a través de rutas legais e seguras. É necesario incrementar de forma moi significativa as prazas de reasentamento, conceder máis visas humanitarias e facilitar a reunificación familiar. Débese priorizar a mulleres e nenas en risco, persoas con necesidades médicas ou con discapacidades e outras necesidades especiais de protección.

SEGUNDO.- Promover que a comunidade internacional emprenda as accións necesarias para protexer á poboación civil de Siria e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional, incluídos crimes de guerra e de lesa humanidade.

TERCEIRO.- Instar ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas (NNUU) a que remita a situación de Siria á Corte Penal Internacional, e ordena a conxelación de activos do presidente Bashar El-Asad e os seus colaboradores próximos.

CUARTO.- Promover que se poña fin de inmediato ás transferencias de armas ao goberno sirio, así como impedir o fluxo de armas e outro tipo de apoio militar a grupos armados en Siria que se crea levaron a cabo graves violacións de dereitos humanos ou do dereito internacional humanitario. Así como a imposición inmediata dun embargo global das armas ás forzas do Estado Islámico, en calquera país onde se atopen.

QUINTO.- Incrementar o apoio, tanto financeiro como técnico, ao Plan de Resposta Rexional de NNUU para a crise de Siria.

Ademais, o Concello de Brión asume o compromiso de:

1. Poñerse a disposición do Goberno de España para colaborar no preciso e crear un rexistro de familias de acollida, que publicitará mediante bandos.”

Non se producen máis intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, coas modificacións antes indicadas, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

14.2) MOCIÓN DO BNG SOBRE OS EFECTOS DA AVESTA ASIÁTICA, *Vespa velutina*, COMO COMBATELA E ERRADICALA.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, que transcrita di:

“MOCIÓN SOBRE OS EFECTOS DA AVISPA ASIÁTICA, *Vespa velutina*, COMO COMBATILA E ERRADICALA

A avésa asiática, *Vespa velutina*, orixinaria do Norte da India e posiblemente procedente do sueste asiático, é considerada un perigoso inimigo para a abellas. Ademais de ser depredadores das abellas e doutras especies de insectos polinizadores, tamén pon en perigo a diversidade de especies e a produción agraria

Foi detectada en Francia no ano 2004 nas proximidades de Burdeos, onde ao parecer entrou a través do comercio marítimo oriental A primeira descrición de *Vespa velutina* en Francia foi publicada a mediados de 2006, e as primeiras movilizacións dos apicultores franceses para denunciar que o problema empezaba a ser grave non foron ata principios de 2007.

A finais de 2010 pasou a fronteira observando xa a súa presenza en Gipuzkoa e Navarra e logo rapidamente se estendeu pola Cornisa Cantábrica e o norte de Galiza. Segundo o presidente da Sociedade Galega de Apicultores, Xesús Asorey, case a metade dos concellos galegos, uns **750**, padecen a praga da avispa asiática. Asorey explicou que os niños proliferan, sobre todo, pola costa e polos vados dos ríos, xa está nas catro provincias galegas, aínda que Ourense é a menos afectada. A Mariña de Lugo e o norte da provincia da Coruña é onde máis incidencia ten. O clima suave propicia esta praga. Neste sentido, o presidente dos apicultores galegos lamentou que dita "invasión" avance máis rápido que o sistema de control posto en marcha.

Nos mapas adxuntos podemos observar o proliferación desta praga entre os anos 2014 e o que vai do 2015. Observamos que tamén no noso Concello se teñen detectado niños.

A avésa asiática, para alimentar ás súas larvas, ademais da outros insectos, ataca ás obreiras das colmeas das abellas comerciais, chegando a causar graves danos nas colmeas. Ademais de matar ás abellas, estas, ante a presenza da especie depredadora, non saen a pecorear e, xa que logo, non levan alimento á colmea, o que provoca unha falta de estímulo na raíña para exercer a súa función reprodutora. Ao chegar o inverno, os poucos efectivos que quedan na colmea non son capaces de manter a temperatura adecuada para a súa supervivencia acaban morrendo. Non é raro que un ataque deste avéspón chegue a dezmar un colmea. A presenza masiva da avispa asiática, xa que logo, pode ter consecuencias económicas nefastas para as explotacións apícolas, tamén pode incidir na produción dalgunhas especies froiteiras, polo papel polinizador que exercen as abellas. Aos efectos económicos, únense os ecolóxicos, posto que tamén capturan outros insectos, como ourugas, formigas, bolboretas ou pulgóns necesarios na polinización e no equilibrio ecolóxico.

Fronte a este problemática é polo que o noso grupo propón ao Pleno do Concello a toma en consideración das seguintes propostas:

- 1.- Que o Concello, reclame a Administración da Xunta para que esta poña en marcha medios materiais e técnicos para un combate eficaz deste praga.
- 2.- Que o Concello, pola súa parte, prepare a persoal do Grupo de Emerxencias para poder abordar a retirada de niños e a súa eliminación.
- 3.- Que se realice unha campaña de información entre a veciñanza sobre a velutina para poder identificala claramente, como combatela e tomar medidas protectoras.”

D. Xosé Luis Pena Espiña di que semella que a Xunta de Galicia non é capaz de abordar o problema da avespa asiática eficazmente, polo que consideran no seu grupo de interese que o concello inste á Xunta para que loite contra esta praga e, o que é máis importante, que o concello forme ao persoal de emerxencias para poder afrontar este problema, directamente e en función das dispoñibilidades. Engade que tamén cumpriría informar aos cidadáns.

O voceiro do BNG prosegue indicando que a avespa asiática, na actualidade, está presente na metade dos concellos e, aínda que afecta fundamentalmente á apicultura, trátase dun problema que hai que abordar.

O Sr. Alcalde- Presidente propón modificar a moción indicando que se ditará un bando para informar aos veciños acerca de como deben actuar fronte aos niños de avespa asiática. Explica que deberían chamar ao teléfono 112 de emerxencias, acudindo a empresa que se encarga da retirada e destrución dos niños.

Tamén propón o Sr. Alcalde dirixirse á Deputación Provincial, que vén de asinar un convenio coa Universidade de Santiago, para que forme ao persoal do concello nesta materia e preste a súa axuda.

D. José David García Arcos mostra o seu acordo co exposto e indica que lle parece interesante que, existindo un protocolo de actuación, se forme ao persoal municipal para actuar fronte a esta praga, aínda que máis importante lle parece que se informe aos veciños.

O Pleno da Corporación acorda, por unanimidade, a modificación da parte dispositiva da moción, que queda redactada do seguinte teor:

“1.- Que o Concello elabore un bando para informar á veciñanza sobre a avespa velutina para poder identificala claramente, como combatela e tomar medidas protectoras.

2.- Que o Concello lle solicite á Deputación Provincial da Coruña colaboración para formar ao persoal municipal para a retirada de niños da avespa e para que achegue a súa axuda neste asunto”.

Non se producen máis intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coas modificacións indicadas, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

14.3) MOCIÓN DO BNG SOBRE O ESTADO DO PATRIMONIO CULTURAL, ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DO CONCELLO DE BRIÓN.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, que transcrita di:

“MOCIÓN SOBRE O ESTADO DO PATRIMONIO CULTURAL, ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DO CONCELLO DE BRIÓN.

É de todos asumido a inmensa riqueza patrimonial do noso concello, tanto no eido arqueolóxico, como etnográfico e en xeral cultural. Esta riqueza vai moito mais aló da Capela de Santa Minia e de todo o patrimonio relixioso que salvo excepcións atopase en condicións mais ou menos correctas.

Mágoa que todo ese inmenso patrimonio, en termos xerais, atopase nunha situación de total abandono, descoido, ignorancia e non posto en valor por parte do noso concello. Esa nula protección das nosas riquezas culturais abarcan dende as Mámoas de Rañalonga, con mais de 4000 anos de antigüidade, (totalmente deixado a monte, cheos de silvas e maleza) castros como o Lupario (cun acceso practicamente imposible), o de Lamiño, ou patrimonio arquitectónico como As Torres de Altamira, (información nula, borrada, lixo nos accesos), o Pazo de Trasouteiro, e un longo catálogo que por desgraza podíamos engadir a esta listaxe tráxica.

Ao mesmo tempo que abandónase o noso patrimonio cultural, o patrimonio dos nosos devanceiros e o que tería que ser dos nosos fillos/as, perdese a oportunidade de darlle o valor que ten, mediante rutas turísticas, accións formativas para as nosas escolas, roteiros culturais e deportivos, etc. Todo iso sen ter en conta o que tería de positivo para a economía e desenvolvemento do sector comercio e turístico do concello e da comarca.

Dende o grupo municipal do BNG Brión instamos ao goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

- 1 - Por en marcha accións inmediatas e urxentes para a limpeza, mantemento, coidado e vixilancia activa de todo o patrimonio cultural que se atopa en situación de emerxencia. Cando este patrimonio non dependa de xeito directo das entidades públicas, instar aos actuais propietarios ao seu mantemento ou actuar coas sancións necesarias e oportunas.
- 2 - Crear e potenciar as actividades necesarias para por en coñecemento, valoración e protección do patrimonio dende a escola ata a sociedade en xeral.
- 3 - Promover a elaboración dun listaxe do noso patrimonio, que a nosa concellería de turismo poña en marcha un proxecto de traballo para potenciar o uso turístico e cultural que sirva ao mesmo tempo para unha protección total do patrimonio, e unha ampliación do uso público do mesmo.
- 4 - Promover a utilización pública de aqueles espazos de titularidade privada.
- 5 - Crear roteiros culturais que sirvan para ampliar e promover o coñecemento da nosa riquezas entre os mais cativos/as.”

D. Xosé Luis Penas Corral sinala que hai elementos do patrimonio cultural moi importantes que, en ocasións, están abandonados, polo que resulta necesaria a súa posta en valor, coñecemento e difusión, fundamentalmente entre os escolares. Indica, tamén, que é necesario que se realice a posta para o uso público dos espazos do patrimonio cultural que son de titularidade privada.

O Sr. Alcalde- Presidente di que está de acordo coa maior parte da moción, pero que os espazos de titularidade privada teñen donos privados. Un caso singular, explica, é o do Castro Lupario pois, sendo de titularidade privada, o dono autorizou a súa limpeza. Engade que lle gustaría que lles autorizasen a realizar catas arqueolóxicas.

Continúa explicando que as torres de Altamira son propiedade da Deputación da Coruña e agardan que, agora, lles deixen polo menos limpar o entorno e sinalazalas.

Manifesta o Sr. García García que non está de acordo coa parte da moción que propón a confección dunha listaxe dos elementos patrimoniais porque eses elementos xa están recollidos no Catálogo do Plan Xeral. Ese catálogo, prosegue, está accesible para os cidadáns na web Infobrión e tamén para a comunidade educativa. Engade que, ademais, se editou un libro sobre o patrimonio de Brión que se entregou en todas as casas e centros educativos.

D. Xosé Luis Penas Corral manifesta que aos membros do seu grupo político non se lles entregou ese libro e pregunta se poden solicitalo.

Responde o Sr. Alcalde afirmativamente á súa petición.

Por outra banda, o Sr. García García explica que o concello tentará limpar as mámoas de Rañalonga e o Castro Lupario e máis que a Deputación da Coruña se faga cargo das actuacións necesarias nas torres de Altamira.

D. Xosé Luis Pena Espiña explica que a proposta do seu grupo é moi ambiciosa e cun horizonte temporal do medio prazo. Afirma que debe poñerse en valor o patrimonio cultural de Brión, que conta con algún elemento moi importante, e difundir o seu coñecemento. Neste senso, di que o Catálogo do Plan Xeral tal vez é un documento demasiado técnico para a maior parte da xente, polo que falta un traballo de divulgación. Remata indicando que a falta de coñecemento do patrimonio dificulta a súa protección.

O Sr. Alcalde- Presidente mostra o seu acordo coas verbas do Sr. Pena Espiña, pero di que lle gustaría que se recoñecese o traballo realizado polo concello, e pon como exemplo a recuperación e restauración dos concellos, a recuperación dos adros das igrexas ou a creación de roteiros. Continúa detallando que queren poñer en valor o Castro Lupario e tamén que a Deputación da Coruña actúe nas torres da Altamira, que son o único ben da entidade no sur da provincia.

D. Xosé Luis Penas Corral di que están de acordo coa manifestado polo Sr. Alcalde pero avogaban por un catálogo do patrimonio cultural máis sinxelo que o do Plan Xeral e no que, ademais, se inclúisen mencións a establecementos hostaleiros como bares ou restaurantes.

O Sr. Alcalde- Presidente propón reconducir a moción no senso de realizar as seguintes propostas:

- Que o concello, na medida do posible, traballe na recuperación do Castro Lupario.
- Instar á Deputación Provincial da Coruña para que poña en valor as torres de Altamira.

D. José David García Arcos pregunta se sería posible traballar en colaboración co Concello de Santiago para tratar de divulgar o patrimonio de Brión na Oficina de Turismo de Santiago para chegar a máis turistas.

O Sr. Alcalde- Presidente explica que se tentaron accións dese tipo durante o anterior mandato pero non se acadou resultado ningún. Sinala que mantivo fai pouco tempo unha xuntanza co Alcalde de Santiago pero non mencionaron este tema. O que queren é que se promociione a outros concellos, non ao de Santiago.

O Pleno da Corporación acorda, por unanimidade, a modificación da parte dispositiva da moción, que queda redactada do seguinte teor:

“1 – Que o Concello, na medida do posible, traballe para a recuperación e posta en valor do Castro Lupario.

2 – Instar á Deputación Provincial da Coruña para que poña en valor as Torres de Altamira.

3 – Crear e potenciar as actividades necesarias para por en coñecemento, valoración e protección do patrimonio dende a escola ata a sociedade en xeral’.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

14.4) MOCIÓN DO BNG SOBRE O USO PARTIDISTA POR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL DE GOBERNO DA REVISTA ALTAMIRA.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, que transcrita di:

“MOCIÓN SOBRE O USO PARTIDISTA POR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL DE GOBERNO DA REVISTA ALTAMIRA

Periodicamente recibimos nas nosas casas a revista municipal Altamira, unha revista que na teoría ten unha labor informativa sobre todos os temas que poidan afectar ou interesar os/as nosos/as veciños/as en rnoi diversas cuestións e tema que agora non imos entrar valorar.

Dicimos "teoría" porque o certo e que cada vez mais veciños/as expresan a súa sorpresa e indignación en mor do aire partidista e propagandista dos contidos da revista. É a opinión ao mesmo tempo do noso grupo municipal que unha gran parte das opinións, informacións e contidos en xeral da mesrna responden a unha estratexia propagandística por parte do Grupo Municipal Socialista especialmente e concretamente do Sr. Alcalde baseada en promover, promulgar e dar maior grandiosidade aos teóricos e supostos méritos de goberno, sen ter rnais opinión nin información contrastada que a baseada na súa liña editorial e persoal. Entendemos que o uso das liñas editoriais dos medios de comunicación e unha constante habitual mais non por iso lexitimo o uso medios públicos pagados cos cartos de toda a veciñanza para lograr a sombra e figura de determinadas persoas.

En consecuencia, ante tal uso partidista do que ten que ser unha ferramenta informativa, solicitamos do pleno da corporación municipal de Brión a adopción do seguinte **ACORDO**:

1 - Fiscalizar o gasto corresponde a revista Altamira dando a coñecer a toda a veciñanza e aos grupos municipais cal é o gasto real deste medio e como estase a xestionar.

2 - Instar ao goberno municipal un uso mais imparcial, baseado exclusivamente en termos informativos, de interese xeral, cultural, económica e divulgativo, e sobre todo pensando nos veciños/as e non no partido.”

D. Xosé Luis Penas Corral apunta que se está facendo un uso político da revista, con contidos politizados. Di que lles gustaría que se incluíse unha folla para divulgar as actividades dos partidos políticos que se presentaron ás eleccións. Conclúe a súa intervención afirmando que os partidos teñen que pagar a súa propaganda.

O Alcalde- Presidente di entender que non lles guste a revista Altamira pois sinala que, de atoparse no seu lugar, a el probablemente tampouco lle gustaría. Na súa opinión, trátase dunha revista de información municipal, e recorda que no seu momento xa houbo unha denuncia ao respecto e o xulgado determinou que se trataba dunha revista municipal.

Remata a intervención dubidando da corrección de incluír na publicación páxinas de divulgación política dos partidos.

D. Xosé Luis Pena Espiña sinala que estivo na Bretaña francesa e viu unha revista que tiña unha sección titulada “O que pensa a maioría”, na que se recollía a opinión do goberno municipal, e outra

titulada “O que pensa a oposición”, na que escribían os partidos da oposición ao goberno. Cre que resulta lóxico e é correcto que os partidos poidan divulgar temas de interese municipal. Consideran no seu grupo que é unha actitude democrática permitir a participación da oposición neses ámbitos.

Conclúe a súa intervención o Sr. Pena Espiña sinalando que o derradeiro número da revista Altarmira é unha vergoña, pois faise referencia aos 9 concelleiros do PSOE e ningunha aos 4 concelleiros da oposición, aínda que tamén son goberno da Corporación Municipal. Trataríase, di dunha cuestión de estética.

O Sr. Alcalde- Presidente afirma, en relación coa fiscalización do gasto da revista ao que se aludiu, que por suposto que se fiscaliza o gasto e que para comprobalo só teñen que solicitar o informe de Intervención.

Continúa o Sr. García García explicando que na web do concello hai un enlace ás páxinas web dos partidos representados na Corporación, mais non na revista municipal. Trátase, di, dunha publicación de información municipal, non de información política. Conclúe indicando que lle parece lóxico que se cometan erros na revista llos reprochen.

D. Xosé Luis Penas Corral manifesta que se o goberno municipal non quere que nin o BNG nin o PP participen na revista municipal e tamén se rexeita celebrar as sesións plenarias pola tarde, a sensación para o veciño é a de que o goberno ten algo que ocultar. Engade que o Sr. García García pediría o mesmo ca eles se estivese na oposición.

O Sr. Alcalde- Presidente sinala que non concibe que a oposición queira xestionar os orzamentos municipais nin que pretendan facer o mesmo coa revista Altamira, que é unha publicación municipal e non do PSOE, polo que tampouco pode ser do BNG nin do PP. Adianta o voto en contra do seu grupo político.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes aos grupos municipais do BNG (2) e PP (2).

Votos en contra: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9).

Abstencións: 0.

Rexéitase a moción.

14.5) MOCIÓN DO PP PARA O REGULAMENTO DO TRÁFICO NAS PROXIMIDADES DO CEIP PEDROUZOS E O IES BRIÓN.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP o, que transcrita di:

“MOCIÓN PARA O REGULAMENTO DO TRÁFICO NAS PROXIMIDADES DO CEIP PEDROUZOS E O IES BRION

As complicacións de tráfico no entorno dos centros escolares do CEIP de Pedrouzos e do IES de Brión seguen a producirse día tras día provocando situacións que poden chegar a ser perigosas para os nenos e nenas que cursan estudos neses centros.

Nos momentos de maior complicación, nas entradas e saídas dos centros, observamos multitude de irregularidades tales como aparcamentos xa non en dobre fila, senón en triple, cambios de sentido na metade da estrada e outras accións que dificultan enormemente a circulación, cando non a impiden totalmente, e provocan situacións de perigo para os peóns.

Aínda que hai presenza da policía local, bastante fan con que se respete o paso de peóns situado diante do CEIP Pedrouzos, resultando practicamente imposible controlar o resto de situacións.

Ante as reiteradas queixas de pais e nais de alumnos destes centros, o grupo municipal do Partido Popular propón o seguinte ACORDO ó Concello de Brión:

Instamos a dar os pasos necesarios para que o Paseo de Pedrouzos, no seu paso por diante dos centros educativos, pase a ser de dirección única deixando un so carril de subida logrando de esa forma ampliar as prazas de aparcamento na zona dos centros escolares, facilitando a circulación dos vehículos e o control dos mesmos por parte da policía local.”

O Sr. Alcalde- Presidente sinala que hai unha moción do seu grupo semellante e o no programa do BNG recóllese unha proposta de senso parecido.

D. José David García Arcos explica que hai un problema no acceso aos centros educativos e, aínda que intervén a Policía Municipal, entenden que a mellor solución, logo de falalo cos pais, sería que a rúa tivese dirección única de circulación. O problema, explica, é que cando pasan os nenos polo paso de peóns, se non está a Policía Local, pode acontecer unha desgraza. O fundamental, di, é tentar buscar unha solución.

O Sr. Alcalde- Presidente apunta que non tivo tempo suficiente para abordar a fondo a moción pois presentouse no día de onte. Non obstante, sinala que tentará respostar as esta cuestión e máis a unha pregunta formulada polo BNG; para iso solicitoulle un informe á Policía Local no que se detallasen as súas accións nos colexios.

En canto á moción do PP, o Sr. García García di que lle solicitará un informe á Policía Local e aos servizos técnicos municipais sobre a viabilidade de establecer a dirección única nesa rúa. Se os informes son favorables, farase ese cambio; senón, daralle traslado dos informes aos grupos políticos.

O Sr. Alcalde remata propoñendo que se modifique a parte dispositiva da moción, no senso de acordar solicitar os informes que indicou.

O Pleno da Corporación acorda, por unanimidade, a modificación da parte dispositiva da moción que queda redactada do seguinte teor:

“Instamos ao concello a solicitar os informes técnicos e da Policía Local sobre a viabilidade de que o Paseo de Pedrouzos, no seu paso por diante dos centros educativos, pase a ser de dirección única deixando un so carril de subida logrando de esa forma ampliar as prazas de aparcamento na zona dos centros escolares, facilitando a circulación dos vehículos e o control dos mesmos por parte da policía local”.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

14.6) MOCIÓN DO PP PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP, que transcrita di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas.

Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca "Galega 100%", que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de "Galega 100%" para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Santiago, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de Brión a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Brión á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%".

Segundo: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) difusión da campaña publicitaria de "Galega 100%"
- b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a "Galega 100%"
- c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo "Galega 100%"
- d) medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.

Cuarto: Solicitar a Deputación da Coruña que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de Brión en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Votos en contra: 9, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (9).

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda rexeitada a moción.

14.7) MOCIÓN DO PSOE DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS GANDEIRAS E GANDEIROS GALEGOS.

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG- PSOE, que transcrita di:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DAS GANDEIRAS E GANDEIROS GALEGOS

Milleiros de familias viven de xeito directo ou indirecto da produción de leite en Galiza, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como desde o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio.

A situación do sector lácteo en Galiza pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións, ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos e imposición de contratos de condicións abusivas por parte da distribución, que continúa a empregalo como produto reclamo.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte dos gobernos competentes nas materia para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Cómpre ter en conta que as administracións publicas realizaron investimentos de fondos públicos cuantiosos nas concentracións parcelarias, co obxectivo de organizar as estruturas agrarias para lograr explotacións máis viábeis, desenvolver o potencial das áreas rurais e dinamizar estes espazos desde unha perspectiva que incorporase aspectos sociais e económicos, para mellorar a produtividade.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan as explotacións a venderen o seu produto por debaixo dos custos de produción e afrontando importantes perdas. A sinatura de máis de 3000 contratos con prezos entre os 18 e 22 céntimos por litro arruína gandeiras e gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que

fican impasibeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non so o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos tempos. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por se tratar dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que "regalado".

Desde hai máis dun mes, tanto a nivel galego como nas comarcas máis importantes de Galiza, as gandeiras e os gandeiros véñense manifestando de forma moi importante para esixir das administracións competentes unha rápida intervención que lidere propostas a nivel estatal e europeo, sen que ata o de agora sexan escoitadas. De se manter esta situación durante máis tempo pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural no noso Concello. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis. Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estes motivos, o Pleno do Concello

ACORDA

1. O Concello de Brión comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas publicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno galego e ao Goberno do Estado a fin de que, a través de todos os mecanismos de que dispoñan, apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3. Instar ao Goberno galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

15º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde- Presidente responde ás preguntas formuladas polo Grupo Municipal do BNG:

1.- Nos teñen chegado queixas sobre o asunto dunha devolución das taxas pola actividade do campamento de verán. A veciña en cuestión tiña xa realizado o pagamento da actividade, 150 €, con data do 13 agosto comunica ao concello a imposibilidade de asistencia ao campamento da nena que comezaba o día 18 do mesmo mes polo que reclama a devolución da taxa.

Con data do 20 de setembro se lle comunica que non se lle vai devolver a taxa dos 150 €.

Queremos saber cal é o motivo desta negación de devolución das taxa de 150 € cando a Ordenanza determina que se debe comunicar a baixa con CINCO días de antelación ao comezo da actividade e cando esta persoa si o comunicou en forma e prazo, o 13 de agosto, e así o recolle a propia notificación que se lle enviou dende o Concello, mais aínda así se lle nega a devolución.

Resposta: Hai presentado un recurso de reposición que contestará a Intervención municipal dentro do prazo para resolver. A Alcaldía resolverá o recurso nos termos que se indiquen no informe de Intervención.

D. Xosé Luis Pena Espiña pregunta se se vai devolver a taxa.

O Sr. Alcalde- Presidente explica que se pagaron 50 euros á Xunta de Galicia e, logo de solicitar a súa devolución, a Xunta de Galicia rexeitouna. Non resulta posible devolver ese importe se a Xunta de Galicia non o fai.

D. Xosé Luis Pena Espiña pregunta se non hai posibilidade de substituír a praza.

O Sr. Alcalde- Presidente contesta que non había lista de reserva e reitera que se contestará segundo o indicado no informe de Intervención.

2.- Nos temos enterado polos medios de comunicación de que existen problemas en canto a entrega e futura xestión da nova planta potabilizadora do Tambre e que dará subministro de auga aos concellos de Ames e de Brión.

Queremos saber como está este asunto? Si houbo algún tipo de seguimento desta obra na fase de construción? Si os concellos va recibir en breve esta infraestrutura? Si van asumir a súa xestión directamente ou teñen pensado algún outro modelo de xestión?

Resposta: Non sei de que problemas están a falar pois non houbo problema ningún. Explica que mantivo unha entrevista co Presidente de Augas de Galicia e esixiu ver a obra, pois antes de recibir a obra quere que a inspeccionen os técnicos municipais ou os designados polo concello. O Presidente contestoulle que se fará así cando a obra remate.

Tamén explica que os Concellos de Brión e Ames lle solicitaron ao Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación da Coruña un informe acerca de cal será o xeito máis conveniente para xestionar esa instalación, e están á espera de recibir o informe.

D. Xosé Luis Pena Espiña di que hai que actuar con celeridade para evitar que lle boten enriba un "morto" ao concello.

O Sr. Alcalde- Presidente sinala que lle parece lóxico revisar a planta antes de facerse cargo dela. En canto ao modo de xestionala, indica que ata xuño do ano que vén non teñen présa. Unha vez revisada a instalación, se está ben, o concello farase cargo dela do xeito que indique o Servizo de Asistencia a Municipios, pois trátase dunha infraestrutura moi importante.

3 - No canto o transporte escolar tanto do CEIP como do IES chegaron varias queixas de veciñas pola cuestión de que non coinciden as recollidas do CEIP coas do IES. Cando fixeron referencia a este punto mediante a queixa correspondente ao Concello este díxolles aos pais que a solución era levar os/as nenas a parada situada en Sta. Minia.

Cal é a situación real das paradas dos buses escolares, houbo algún cambio, informouse oportunamente ou agardamos unha vez mais as queixas dos pais e nais?.

Resposta: O concello non recibiu queixa ningunha de momento e o mesmo lle transmitiron os directores dos centros educativos. Os directores tamén lles dixeron que o concello non ten competencias na materia polo que, de haber queixas, transmitiríanllas á Dirección Xeral de Transportes. Indica que son coñecedores de que hai pais negociando coa Dirección Xeral de Transportes pero non poden facer nada ao respecto.

4 - Insistimos unha vez mais na necesidade da instalación das medidas de seguridade oportunas nos baixos da casa de cultura. Volvemos ver, un ano mais, que durante as festa de Santa Minia colocáronse unhas cordas para evitar as caídas. Sendo como é, unha solución mais que provisional, e na nosa opinión en absoluto a solución definitiva nin oportuna, pensamos que o Concello ten que buscar unha solución que evite problemas maiores, mais aló de que o patio sexa inglés, francés ou galego.

Pensa o concello facer algún trámite, realizar algunha xestión, aportar medidas urxente, en definitiva actuar denantes que teñamos un problema de consideracións graves?

Resposta: O concello tomou medidas moi duras e de todo tipo, como escritos ou denuncias, para que lle permitisen facer o que se debe. Explica que chegaron a dicirlles que non aceptarían ningunha actuación a non ser que fixese o proxecto César Portela e, posto en contacto con este arquitecto, manifestoulle que estaría encantado de axudar. Engade que no día de mañá ese técnico visitará as instalacións para buscar unha solución.

5 - Seguen chegando queixas dos pais e nais no canto a seguridade nas horas de entrada e saída nos centros de ensino do noso concello. A presenza, cando é tal, dos servizos municipais de seguridade é mais presencial que non activa en pos de garantir a seguridade e o correcto cumprimento das normas de seguridade no canto as cuestións de aparcadoiros en dobre ringleira, e doutros.

Tal feito prodúcese e incrementase de forma mais que significativa diante da escola de música, co tema engadido da alta velocidade coa que baixan moitas veces todo tipo de vehículos pola Avda. Santa Minia.

Pensa facer algunha cousa para polo menos minimizar (mais aló da irresponsabilidade de algúns usuarios que entendemos non é responsabilidade do concello) a perigosidade tanto nos centros de ensino como na escola de música. Mais aló da correspondente delegación de responsabilidades a Deputación, Xunta, etc ...

Resposta: Esta pregunta xa foi contestada no debate da moción presentada polo PP sobre este asunto.

6 - Cando un colle o coche e empeza a dar voltas polas pistas e estradas das nosas parroquias e aldeas vemos como en moitas destas existen vertedoiros incontrolados de lixo, un deles (axuntámolo a este escrito) situase na aldea de Perros e xa non sabemos o tempo que leva , sen que ninguén por parte do concello procedera a limpeza e peche correspondente do mesmo. De xeito semellante ocorre en moitas zonas naturais do concello (por exemplo a zona do chamado pozo negro en Ons) onde chegamos a atopar incluso electrodomésticos no medio das zonas boscosas.

Vai facer o goberno municipal algunha tarefa en materia de control de vertedoiros e lixos nas pistas, contornas e zonas naturais do concello? Cales son as tarefas das brigadas de limpeza? De que depende a vixilancia, aviso e sanción se procede dos depósitos de lixo e outros materiais ceibados impunemente no noso espazo natural?

Resposta: Un funcionario estivo buscando o vertedoiro de Perros pero non foi quen de atopalo. En relación co lixo existente no Pozo Negro de Ons, a súa presenza non é culpa dos veciños de Brión, senón das enchentes do río Tambre.

Continúa afirmando que os obreiros municipais fan o que ningún noutros sitios, pois dúas veces ao mes saen a recoller os vertedoiros incontrolados e a recoller o que FCC, S.A. non recolle. Ademais, unha empresa vai recoller os electrodomésticos (televisores e neveiras, por exemplo), que FCC non ten por que recoller; esta solución é máis cara pero vai evitar a aparición de vertedoiros. Desde o concello, conclúe, estase a facer todo o que se pode.

D. Xosé Luis Pena Espiña explica que o vertedoiro de Perros está no monte e detalla a súa ubicación.

O Sr. Alcalde- Presidente pídelo que non se preocupe pois irá un camión do concello a recollelo.

D. Xosé Luis Pena Espiña apunta que lles parece que o responsable é un taller, polo que consideran adecuado que se lle faga unha advertencia.

O Sr. Alcalde- Presidente afirma que a Policía Local investigará ao autor e reitera que será eliminado axiña. Remata indicando que, como pouco, están eliminando uns 10 vertedoiros ao mes.

7 - Sabemos das moitas reunións, xuntanzas (de traballo ou non) por mor da entidade do transporte metropolitano. O certo é que do resultado destas xuntanzas témonos que estar informados ou ben pola empresa ou ben por outros concellos. Nesta derradeira lexislatura xa expresamos numerosas queixas sobre a regularidade do transporte, o estado das marquesiñas (cousa que tamén preocupa de forma moi evidente a outros grupos municipais) e sobre todo da información dos horarios de todas as liñas de transporte (que non son moitas) que pasan polo concello. Até tal punto que o noso grupo municipal tivo a ben facer uns cartaces informativos sobre tales horarios e denunciando ao mesmo tempo a deixadez por parte da Xunta de Galiza e do Concello de Brión. Tales cartaces foron retirados de xeito inmediato (descoñecemos por quén) mais supoñemos que polos mesmos que non tiveron tempo a informar aos veciños/as.

Vai o goberno municipal durante a presente lexislatura a manter unha política pro-activa no beneficio do transporte metropolitano, a nivel informativo e de xestión ?

Vaise promover o servizo municipal interno entre parroquias e aldeas tal e como se ven facendo en outros concellos?

Resposta: Van seguir traballando no transporte metropolitano e van tentar establecer un servizo interno entre parroquias. Explica que sobre o transporte metropolitano só se manteñen xuntanzas cando os convoca a Dirección Xeral. Di que é moi crítico co sistema establecido pois funciona mal, con independencia de que o xestionase o PP ou o PSOE. Tamén explica que sentou mal o seu voto en contra cando se tratou a extensión do transporte metropolitano a Santa Comba, Vila de Cruces ou a Estrada e que desde a Dirección Xeral se lle dixo que non se trataba de transporte metropolitano. Continúa afirmando que o transporte metropolitano é un tema que lle preocupa moito pero no que a Xunta de Galicia se reservou o 51% dos votos polo que, ao final, farase o que eles digan.

En relación co transporte interno, sinala que o de Brión é o único concello que dispón del. Explica que falou co Alcalde de Teo e que lle dixo que non dispoñían del porque a Xunta de Galicia non llo autorizaba. Ao Concello de Brión tampouco llo autorizan pero implantaron o servizo igual.

D. Xosé Luis Penas Corral pide que se actualicen os carteis informativos do transporte.

O Sr. Alcalde- Presidente sinala que non é doado substituílos pois trátase de carteis tipo saba que só se cambian cando se mudan os prezos ou os horarios no verán.

Remata o Sr. Alcalde afirmando que o tema do transporte debe tomarse en serio e crear un consorcio para a súa xestión.

8 - No pleno de organización do mes de xuño o noso grupo municipal insistiu que unha das prioridades de calquera grupo de goberno ten ser que a transparencia e a información para os nosos cidadáns, que son ao mesmo tempo os que nos pagan e os que nos esixen. Nesta liña e en pos de facer un goberno mais participativo desexamos que os plenos sexan públicos e abertos, iso implica que se fagan en horarios nos que os/as nosos/as veciños/as teñan maior dispoñibilidade.

Hai algunha posibilidade de que o grupo de goberno poda promover que os plenos se fagan en horario de tarde (entre as 19-20 h.) para facilitar a máxima asistencia da veciñanza, ou polo contrario vaise utilizar a maioría absoluta para absolutamente impoñer os horarios que impidan a asistencia de tanta mais xente mellor.

Resposta: Os plenos son abertos e públicos. En canto ao horario, pouco hai que dicir, pois aprobouse coa abstención do BNG.

D. Xosé Luis Penas Corral manifesta que non están en contra de que os plenos se celebren as 13 horas, pero están a favor de que se busque un horario mellor para facilitar a asistencia dos veciños.

O Sr. Alcalde explica que o horario actual é necesario para facilitar a asistencia ás sesións dos concelleiros.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.